

XVIII exposición Cedofeita, 2012

## “CEN ANOS DE FÚTBOL EN LÉREZ”

Xaime Iglesias González

Sen a colaboración de xogadores e directivos que foron do Deportivo Lérez, así como de moitos veciños, veciñas e afeccionados en xeral, non sería posible realizar esta exposición. A eles debemos as case 150 fotografías expostas, unha parte da información e a maioría dos obxectos que se mostraron (trofeos, placas, medallas, bandeirolas...) que, xunto con textos xornalísticos, conformaron esta mostra, predominantemente visual. Levaba o título. “*Cen anos de fútbol en Lérez*” e con ela, a *Asociación Cedofeita* chegaba á décima oitava exposición, que ano tras ano vén presentando no mes de agosto, no mosteiro de Lérez, e que, desta volta, estivo aberta ó público durante os días 4, 5, 6 e 7 do referido mes.



procedentes de Villagarcía algunos muchachos jóvenes de aquella población, entre los cuales se distinguía un inglés que, según dijeron, es el director del juego del *foot-ball*. Estos llegaron con el objeto de luchar una partida de *foot-ball* contra los pontevedreses en el campo de la Junquera. (...) Los de villagarcía, por más esfuerzos que hicieron, no han conseguido hacer más que un *goal*, mientras que los pontevedreses hicieron tres, ganando por tanto la partida”

**EXPOSICIÓN**  
**CEN ANOS DE FÚTBOL EN LÉREZ**

Lugar: Mosteiro de Lérez.  
 Datas: 4, 5, 6 e 7 de agosto 2012.  
 Horario: Mañás de 11 a 14 h.  
 Tardes de 19 a 22 h.

ORGANIZA: Asociación Sociocultural de Lérez  
 COLABORA:

Na exposición amosábase a primeira noticia que temos do fútbol en Lérez -probablemente, tamén en Pontevedra- datada en 1906. Atópase no periódico “La Libertad” (21-05-1906) onde se di: “Ayer llegaron a esta capital, en un *riper*,

Antes e despois desta data debeu practicarse en Lérez o novo deporte por medio de equipos ocasionais, de formación aberta. Pero en maio de 1913, segundo “Diario de Galicia” (13-05-1913), constitúese formalmente “...en Lérez (Pontevedra) un nuevo club de *foot-bal* titulado Lérez F.C. Cuenta ya gran número de socios muy entusiastas, que se proponen dar a dicho club cuanto sea necesario para colocarlo a la altura de los mejores de Galicia”. Axiña entra en acción, pois uns meses máis tarde, en “El Diario de Pontevedra” (22-08-1913), podemos ler “Se han inscrito para tomar parte en el concurso provincial de la “Copa Santos” los siguientes equipos: *Vigo Foot-baal Club, Real Club Fortuna, Lérez Foot-baal Club, Sociedad Recreo Juventud de Mourente y Pontevedra Sporting Club*. El primer partido del concurso se jugará probablemente el próximo domingo entre los “teanes” Lérez y Mourente”.

Non é de estrañar que fosen mozos de Vilagarcía os que se achegasen a Pontevedra para disputar un partido de fútbol, pois nesa vila,



segundo "Eco Republicano" de Santiago (26-06-1873), tripulantes dun cargueiro inglés, que facía escala no porto arousán cando se dirixía a Huelva con materiais para as minas de Riotinto, xogaron entre eles un partido na vila, en 1873, con "amoral" calzón curto. Era un dos primeiros partidos de fútbol que se xogaron en Galicia. Non dicimos o primeiro, porque Ferrol e Vigo pretenden igualmente esta primacía, pois, daquela, ós seus portos tamén chegaban ingleses, xa fosen tripulantes e/ou técnicos para os respectivos arsenais. Ademais, os vilagarcíans viñan acompañados dun inglés, "director del juego", que, sen dúbida, había pasar por ser o que máis entendía de fútbol, pois este deporte, tal como hoxe o concibimos -fútbol asociación- nace en Inglaterra en 1863 e desde aquí, difúndese a través de técnicos, tripulantes e militares ingleses que chegaban a distintas zonas.

Por outra banda, a noticia indica que o partido vaise disputar na Xunqueira do Covo, que, xunto con Campolongo, foron os campos onde xogaron os primeiros equipos pontevedreses ata que, en 1919, se constrúe Pasarón, en terreos alugados pola familia Paz ó *Pontevedra Athletic Club*, equipo resultante da fusión do *Club Deportivo Pontevedra* e do *Pontevedra Sporting Club*. Foi secretario da nova formación o lerezán Valentín Paz Andrade. Pero, se cadra,

o máis singular desas notas sexa a necesidade de recorrer, naqueles inicios futbolísticos, a voces inglesas e ó vocabulario doutros xogos, para nomear os conceptos que o novo deporte traía consigo. Así, atopamos palabras como *foot-ball* (fútbol), *teams* ou *teanes* (equipos), *goal* (gol), *partida*, *macht* (partido, encontro) *concurso* (campionato, torneo) e expresións como *director del juego* (adestrador), *luchar una partida* (jugar, disputar un partido), *hacer un goal* (marcar, meter un gol).

Aparecen na mostra abundantes referencias de prensa correspondentes ós primeiros tempos do *Lérez F.C.* que, ademais de xogar contra os equipos citados anteriormente, enfrontouse ó *Atlético Compostelano*, *Alfonso XIII*, *Hispania*, *Club Comercial de Vigo*, e outros. En 1918, o equipo infantil do *Lérez F.C.* absorbe o *Veloz C.F.*, figurando como Tesoureiro o médico Enrique González de la Ballina quen, xunto co doutor Caamaño, xogara no equipo de maiores uns anos antes. En 1919, os xogadores do *Lérez F.C.* reúnen na sede situada na estrada de Lérez, fronte á casa de Touriño, dato que confirma que o *Lérez* era un equipo da nosa parroquia e non da cidade de Pontevedra, aínda que moi querido e vencellado a ela. Neste mesmo ano, ó haber renovación de cargos, o amentado Valentín Paz Andrade vai presidir a directiva do noso club,

tendo como contador a Antonio Lorenzo Codesido. En 1921, o *Lérez F.C.* participa na "Copa Marta" chegando a semifinais, onde é eliminado polo *Alfonso*. A partir de aquí, as referencias ó noso equipo fanse máis raras e esporádicas. A ausencia de información pode ter varias lecturas: diminución da súa actividade, desorganización da directiva, desaparición temporal ou a conversión noutro equipo como se dá a entender nun artigo publicado en "El Pueblo Gallego" (16-01-1935) que fala de dous partidos benéficos, a prol do popular xogador Carlitos Gil, entre o *Villagarcía* e un combinado de veteranos do *Alfonso* e do *Eiriña*, afirmando que este equipo, que xa existía en 1923, "nació del antiguo Lérez".

Aínda así, en 1927, atopámolo participando na "Copa Massó" de Beluso a onde volve tres anos máis tarde en plena forma, coa intención de "...asegurar su reconocida valía, dejando así satisfecha la inmensa legión de admiradores con que cuenta en estos contornos desde actuaciones en épocas recientes"; en 1931, o equipo infantil do *Lérez F.C.* queda campión de liga e, de por parte, gaña a "Copa Eiriña." Ó ano seguinte recoñécenlle grandes méritos en Vilalonga, a onde chega precedido de gran sona "... por contar el *Lérez F.C.* con elementos de gran valía que practican el *asociación* a las mil maravillas" ("El Pueblo Gallego", 17-09-1932)

É curioso que, nestes primeiros anos da chegada do fútbol á nosa terra, a prensa destaque a concorrencia feminina ós partidos. Así, no xornal "El Progreso" (28-01-1919), ó dar conta dun partido disputado en Vilagarcía polo *Alfonso* e o *Lérez*, subliña que entre o público non faltaba "... el bello sexo que fue la nota más saliente del partido que daban gran brillantez por lo bien que estaba formado con lo más hermoso del mujerío que nos parecía que estábamos en la primavera por el conjunto admirable que hacían aquellas lindas caras, que eran como un propio jardín de camelias y rosas..." Tamén, con motivo do partido *Lérez-Vilalonga* nesta localidade, o mesmo xornal, esta vez o 14-09-1932, apunta: "Lo más selecto del sexo seductor de Dena y pueblos limítrofes prestarán con su

presencia más amenidad a este partido que está despertando viva emoción en aquellos pueblos ribereños".

O *Lérez F.C.* aparece en 1944 cun potente equipo no que figuran Vicente "Quincoces", Carolo e Telesforo Seoane. Na tempada 1949-50 foi campión da liga de modestos de Pontevedra, cun equipo no que xogaban Pacheco, Rianxo e os irmáns Araujo (os Pixinas). Seis anos máis tarde volve realizar a mesma fazaña, agora con xogadores como Alfredo "Matacáns", Marcial e Ondas. A principios dos anos sesenta entra nunha etapa de dificultades, pero volve cobrar brío, a partir de 1966, da man de Cándido Rodríguez con quen o equipo pasa a denominarse *Deportivo Lérez C.F.* Este, daquela, mozo entusiasta do fútbol, que xa viña traballando con equipos infantís desde 1960, fíxose cargo do club e dinamizouno desde diferentes postos: xogador, adestrador, presidente, directivo..., obtendo bos resultados, en especial cos máis pequenos. En 1972, sendo presidente o popular Raimundo Piñeiro "Pechecho", o *Lérez* volve proclamarse campión da Liga de Modestos, co adestrador Ribada, xogador do Pontevedra. O equipo infantil tamén se proclama campión de liga da zona en 1986 e, en 1990, o equipo de modestos ascende a segunda categoría rexional, descende na tempada seguinte e non recobra esa categoría ata 1997, sendo presidente José Torres "Pacheco".

Pero en Lérez non só existiu un equipo de fútbol. Así que a exposición dá conta doutros equipos. Nos anos trinta do século pasado atopamos o *Arenas de Lérez* e o *Rápido de Lérez*. Na década seguinte participan en varios eventos futbolísticos o *Club Atrevido* do Burgo, campión de modestos da segunda categoría en 1945, e o *Club Pasarón*, onde militou Pazos, despois porteiro de Atlético de Madrid. Posteriormente xorden *Leones del Burgo*, *Deportivo Casal*, de Casaldarado, que se fusionaría co *Deportivo Alba* en 1970, *Racing de Lérez*, fundado no Castelo e refundado despois na Pedra Picada, *Sporting de Lérez* que tiña a sede no bar Novo, *Piratas*, *Ferreira* e outros conxuntos, de diferentes categorías, traxectorias e duración.



Na tempada 1971-72, Cándido crea o *Pallota C.F.* que había ter equipos en varias categorías, incluso en veteranos e un equipo feminino que acadou o segundo posto na clasificación da primeira liga galega feminina, en 1981. Na exposición tamén se mostra a existencia de combinados que se formaban puntualmente para xogar partidos amigables que no argot da época denominábanse "pachangas" ou "partidos de guasa", como o comentado no Diario de Pontevedra (07-03-1919) que se vía celebrar no Pasarón entre o *Carepas* e o *Terror dos Campos*. En calquera caso, tratábase de equipos esporádicos e abertos, que podían levar o nome de casados, solteiros, de lugares, bares, empresas ou calquera outro. Nestes encontros era frecuente a designación de madriñas, que tiñan que dar o saque de honra e ás que se lle regalaba un ramo de flores que había lucir durante e despois do partido.

No histórico Lérez e noutros equipos da parroquia atopamos xogadores entusiastas, goleadores, veloces, caneadores; atacantes uns, defensores outros, pero todos tiveron o fútbol como paixón. Algúns deles foron despois adestradores ou árbitros e tamén houbo outros que militaron en equipos de primeira e segunda divisións do fútbol español, como Rianxo, Carolo, Pixinas I, Foro... En equipos máis modestos

xogaron Pixinas II, Marcial, Gelucho Quinteiro, Milucho, García Barrio... E non podemos esquecer aqueles que xogaban moi ben o balón, como César Gil, Javier "Pouquiño", ou Javier Núñez, pero que decidiron encamiñarse cara outras actividades profesionais.

Participar nun deporte coma o fútbol e nun equipo coma o Lérez, en calidade de xogador, directivo, adestrador ou simple afeccionado, leva consigo vivir experiencias inesquecibles. Nos seareiros do Lérez podía apreciarse amor ó fútbol e o club cando o acompañaban a outras localidades, en especial, se ían naquel autobús, "El Lérez", con baca e todo, como se puido ver na exposición, nunha foto de 1952, con motivo do partido co *Anduriña* do Grove. O fútbol practicábase por afección e era motivo de alegría como quedaba patente cando Cándido e os seus infantís, alá polos anos setenta, cruzaban andando a vila de Pontevedra para ir xogar a Compolongo e cantaban pola rúa da Oliva algo así como, *Somos de Lérez./ Somos de Lérez./ Nos gusta el fútbol / con gran pasión./ Aunque ganemos,/ aunque perdamos,/ ¡Viva la madre que nos parió!* Tamén o fútbol dá sorpresas coma a que levaron os xogadores do Lérez cando, arredor de 1960, xogando en Arcade, vían como subía a marea que ía inundando o campo, ata o punto que o árbitro tivo que suspender o partido.

Que o fútbol non está, ou polo menos non estivo naquel momento, a mal coa fe, quedou demostrado aquel día de 1971, en que xogadores, directivos e afeccionados do *Lérez* encamiñáronse a Santiago para gañar o xubileu, dirixidos polo crego D. Herminio que daquela tamén formaba parte da directiva. Satisfacción sentiu o "*mundo do Lérez*" ó lograr, en 1997, o ansiado ascenso a segunda rexional, pero os xogadores, ademais, foron felices coa viaxe a Mallorca con que os agasallou o presidente "Pacheco", que premiaba así o seu esforzo; pero, ademais, estes sentíronse importantes no partido homenaxe que, con tal motivo, se xogou en Valado fronte ó *Pontevedra F.C.*, quen lle "fixo o pasillo", maila ser un equipo de superior categoría. Pero, se cadra, as maiores emocións sentíronse nas homenaxes a Pechecho, pola súa dedicación ó *Lérez* ó longo de moitos anos. En 1989 o *Deportivo Lérez* concédelle a *medalla de ouro con brillantes*. Tres anos máis tarde, Instituto Municipal de Deportes premiouno pola súa traxectoria no fútbol. No ano 2006, as entidades *Amigos de Pontevedra* e *Amigos de Lérez*, separadamente, rendéronlle cálidas homenaxes. Foi nomeado presidente de honra do club que antes presidira e o Campo de Valado leva o seu nome o mesmo có torneo de fútbol-7 que anualmente se celebra en Pontevedra.

Na exposición tivo un tratamento especial a construción do campo de fútbol de Valado. Dispoñer dun campo onde poder adestrar e xogar os partidos é esencial para calquera club de fútbol que, coma o *Lérez*, teña equipos en varias categorías. Houbo un tempo que o noso club utilizaba o campo da Xunqueira do Covo, pero a construción de edificios educativos minorou o espazo e os únicos dous campos que quedaron debían ser usados por varios clubs do concello, o que dificultaba a utilización polo *Lérez*. Para salvar esta situación, en 1975, a directiva presidida por Pechecho comeza a facer as xestións administrativas necesarias, nas que tivo un gran empeño o crego D. Herminio, ata que conseguiron os terreos. Ademais, tramitáronse os permisos de construción do campo, xestionáronse axudas económicas e mobilizáronse amigos e veciños. Na mostra ofrecíanse

copias de documentos que reflectían trámites realizados e fotografías da explanación dos terreos -que comezou en 1980, sendo presidente Vicente García "Quincoces"- e da construción dos vestiarios e duchas. Nelas podíase ver a ilusión e colaboración veciñal. Agustín García orientou tecnicamente os traballos; outros veciños traballaron nas obras como Luís o Nuncio, os irmáns Barrio (Verino e Modesto), Carlos "Campanal", o Xirico (qepd), Tino "Peliños, Benito Pérez, Manolo Piñeiro (qepd), que ademais facilitou maquinaria, e outros máis que lamentamos non poder nomear.

Como vén sendo habitual nas exposicións organizadas por Cedofeita, esta do fútbol foi visitada por numeroso público. Desta vez non houbo aglomeracións notorias, pero no decorrer dos catro días que estivo aberta, o fluír de xente foi permanente. Nenos, mozos e maiores, sen distinción de sexo, pasaron por esta mostra, xa fose para observar antepasados, familiares, amigos e veciños, para recoñecerse a si mesmo nas fotos ou polo simple atractivo de presenciaren unha exposición de fútbol. Moitos foron os que cotexaban a información, examinaban as fotos e, se era o caso, preguntaban para aclarar dúbidas ou achegaban datos complementarios, pois as exposicións que organiza Cedofeita teñen a particularidade seren interactivas.

